

GUÍA DIDÁCTICA ESA
SEMIPRESENCIAL ÁMBITO DE
COMUNICACIÓN
MÓDULO 2

Docente: María Dolores Costa Casas

MATERIAIS E RECURSOS

- 1. Unidades didácticas: 5, 6, 7 e 8 (LOMCE).** **Imprescindibles tráelas á aula.** Accédese a elas na páxina W eb da Xunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
- 2. : <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/7453>.**
- 3.** Na biblioteca do centro existen copias en papel e dixitalizadas.
- 4. Libros de lectura:**
 - FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: *A lúa do Senegal*. (GALEGO)
 - RODRÍGUEZ, Eider : *Un corazón demasiado grande* (CASTELÁN)
- 4.1 Libros optativos:** *VACAS, Raúl: Esto y ESO*
- 5. Guías didácticas do ámbito de comunicación**
- 6. Caderno do alumno (OBRIGATORIO)**

UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 5: COMUNICACIÓN ORAL

- **Os textos orais:** a lectura en voz alta e a recitación, introdución á exposición oral e a linguaxe non verbal.
- **Os textos orais audiovisuais:** a clasificación dos textos orais audiovisuais, textos xornalísticos informativos de carácter oral, lingua e discriminación.
- **As familias lingüísticas e as nosas linguas:** as linguas do mundo e o ecolingüismo; orixe das linguas do Estado español; os dialectos do español; o español de América.

UNIDADE 6: GRAMÁTICA DA LINGUA

- **Gramática:** fonética e fonoloxía do galego; acentuación, ortografía e puntuación; o procesador de textos, correctores ortográficos, tradutores.
- **Morfoloxía e sintaxe:** o pronome persoal; o verbo; adverbio, preposición e conxunción; sintaxe: as funcións de suxeito e predicado.
- **Semántica e cohesión textual:** o campo semántico, sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia; significado denotativo e connotativo; procedementos de cohesión textual: repetición, deíxe, anáfora, catáfora, elipse.

UNIDADE 7: COMUNICACIÓN ESCRITA

- **Tipos de textos:** textos narrativos; textos dialogados, a linguaxe teatral, textos descritivos, tipos de descrições, os medios de comunicación, textos periodísticos de opinión: o artigo de opinión e a editorial, a reportaxe; textos descontinuos: táboas, gráficos, mapas e infografías.
- **Técnicas de redacción de textos. Coherencia, cohesión e adecuación.**

UNIDADE 8: EDUCACIÓN LITERARIA

- **A linguaxe literaria: características xenéricas dos textos literarios:** características da linguaxe literaria e as formas de expresión literaria.
- **O texto narrativo: punto de vista, tempo, e espazo, personaxes principais.** Elementos da narración.
- **O texto teatral: os subxénero teatrais.**
- **A análise de textos literarios. O comentario de textos.**
- **A novela gráfica e o cómic. Textos e imaxe:** a orixe do cómic, a linguaxe do cómic, iconografía do cómic.
- **O cine: subxéneros cinematográficos.** Características dos xéneros cinematográficos e categorías.

DESENVOLVEMENTOS E TEMPORALIZACIÓN

Durante o primeiro cuadrimestre (do 18 de setembro ao 26 de xaneiro)

Durante o segundo cuadrimestre (do 8 de febreiro ao 14 de xuño)

- Quenda da tarde: luns: 17:30-19:00
- Quenda da mañá: xoves: 12:15 – 13:45.

Primer cuadrimestre

	Módulo 2 tarde	Módulo 2 mañá
UNIDADE 5	4 sesións	4 sesións
1UNIDADE 6	4 sesións	4 sesións
1º PARCIAL	Novembro(data a concretar)	Novembro(data a concretar)
UNIDADE 7	3 sesións	3 sesións
UNIDADE 8	2 sesións	2 sesións
2º PARCIAL	Xaneiro (data a concretar)	Xaneiro(data a concretar)
FINAL ORDI.	Xaneiro (29 a 31)	Xaneiro (29 a 31)
E.EXTRAOR D.	Abril (2 a 4)	Abril (2 a 4)

Durante o **segundo cuadrimestre** (do 8 de febreiro ao 14 de xuño):

UNIDADE 5	3 sesións	3 sesións
-----------	-----------	-----------

UNIDADE 6	3 sesións	3 sesións
-----------	-----------	-----------

1o PARCIAL	abril	abril
------------	-------	-------

UNIDADE 7	2 sesións	3 sesións
-----------	-----------	-----------

UNIDADE 8	2 sesións	2 sesións
-----------	-----------	-----------

2o PARCIAL	Maio (data a concretar)	Maio(data a concretar)
------------	----------------------------------	---------------------------------

FINAL ORDI.	Maio (21 a 23)	Maio(21 a 23)
-------------	----------------	---------------

E.EXTRAOR D.	Xuño(19 a 21)	Xuño(19 a 21)
--------------	---------------	---------------

CONTIDOS MÍNIMOS POR UNIDADES

- **UNIDADE 5: COMUNICACIÓN ORAL**
 - Os textos orais.
 - Os textos orais audiovisuais.
 - As familias lingüísticas e as nosas linguas.
- **UNIDADE 6: GRAMÁTICA DA LINGUA**
 - Fonética, ortografía e puntuación.
 - Morfoloxía e sintaxe.
 - Semántica e cohesión textual.
- **UNIDADE 7: COMUNICACIÓN ESCRITA**
 - Tipos de texto.
 - Técnicas de redacción de textos. Coherencia, cohesión e adecuación.
- **UNIDADE 8: EDUCACIÓN LITERARIA**
 - A linguaxe literaria: características xenéricas dos textos literarios.
 - O texto narrativo: punto de vista, tempo e espazo, personaxes principais.
 - O texto teatral: os subxéneros teatrais.
 - A análise de textos literarios. O comentario de textos.
 - A novela gráfica e o cómic. Texto e imaxe.
 - O cine: subxéneros cinematográficos.

MEDIDAS DE REFORZO

As medidas de reforzó faranse ao longo do curso con cada unidade didáctica.

CRITERIOS, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Os **criterios de avaliación** son os seguintes:

- Comprender e interpretar a intención comunicativa de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.
- Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita.
- Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais.
- Describir a diversidade lingüística no mundo, e n Europa e na Península Ibérica.
- Comprensión e interpretación e resumo de novas de actualidade e de información de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.
- Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre a comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, tendo en conta o papel que desenvolven as normas sociocomunicativas e a linguaxe prosódica e a non verbal na comunicación oral.
- Coñecemento das orixes históricas da realidade plurilingüe de España.
- Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
- Recoñecer e usar a fonética da lingua galega
 - Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.
 - Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción.
 -

- Comprender e utilizar estratexias para inducir a s regras de concordancia e as función sintácticas de suxeito e predicado.
- Recoñecer e usar correctamente as relacións de sinonimia, polisemia e antonimia.
- Coñecemento da fonética e a fonoloxía da lingua galega, con especial atención ás posíbeis interferencias.
- Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.
- Recoñecemento das categorías gramaticais: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción.
- Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado. Relacións semánticas. O campo semántico. Familias léxicas.

As **datas** exactas dos **exames parciais** concretaranse con cada un dos grupos (mañá e tarde) e quedan pendentes de posibles cambios ou modificacións por parte da Xefatura educativa.

Os **exames** escritos seguirán a **estrutura establecida polas unidades didácticas** (galego/ castelá; lingua e literatura). **A media non se fará se algunha das partes ou das probas é inferior a 3. Se a media é igual ou superior a 5** o alumno quedará **exento de presentarse ao exame final** do cuadrimestre. De non ser así, o alumno, agás casos excepcionais, deberá presentarse ao exame ordinario con toda a materia do cuadrimestre, independentemente de que aprobara previamente algún dos parciais.

Demandarase un mínimo de corrección ortográfica e por iso penalizarase a súa ausencia con - **0,1 punto cada falta**. Do mesmo xeito, terase en conta a **corrección das probas** en canto á presentación, á coherencia e á cohesión, podéndose chegar ate un máximo dun punto e **medio na nota final da proba**.

Haberá unha **proba extraordinaria** para os que non superen o ámbito de comunicación en febreiro no mes de marzo e outra para os que non superen o ámbito de comunicación en maio a finais de xuño.

A nota do Ámbito de Comunicación farase a partires destes elementos:

- Probas escritas: **80%**
- Lectura (a escoller): **10%** Farase unha proba escrita ou un traballo de ambas asignaturas.
- Traballo continuado do alumno: asistencia regular ás clases, participación e realización de traballos e exercicios tanto na aula coma na casa, actitude responsable cara á materia, outros libros e traballos...**10%**.

Terán **dereito á avaliación continua** e, polo tanto, a exames parciais, aqueles alumnos que asistan con regularidade as clases.

En A Coruña, 15 de setembro de 2023.